

## ACTA Nº 30/10

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2010

#### Asistentes:

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso  
D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 27 de xullo de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 11:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 11:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Non se traen actas para a súa aprobación.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que nas resolucións nºs 370 e 374/10, do 22 e 26 de xullo respectivamente, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para na resolución 370/10 recoñecer a obriga para posteriormente pagar contactores para a instalación do Beque, autorizar e dispoñer o gasto e librar a cantidade de 931,30 para subministro e montaxe de pneumáticos, e autorizar e dispoñer o gasto para a reparación do motor da lancha de salvamento. Na resolución nº 374/10 recoñeceu a obriga para o posterior pagamento do 20% inicial do contrato pola organización do do Intercéltico.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con

circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 117/10 – D. JOSÉ RODRÍGUEZ PAZ** presenta estudo técnico para aplacado e revestimento de fachadas, e colocación de plaqueta en solado existente dunha vivenda unifamiliar, situada no barrio de Moureira nº 221, Meira, redactado pola arquitecta técnica D.<sup>a</sup> Sofía Rúa Piñeiro, visado o 14.07.10; orzamento: 7.443,70 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xullo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)**

**INFORME: Procede licenza das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase o abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación e ornato da edificación con chorreo e limpeza de fachadas, chapeado de pedra en esquinales e faixas, revestimento de fachadas con pintura plástica impermeable, colocación de canalóns e baixantes. Colocación de plaqueta sobre solado existente que non interferirán a alineación oficial do vial.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                 |          |
|---------------------------------|----------|
| Imposto s/construción .....     | 208,42 € |
| Taxas licenza urbanística ..... | 65,00 €  |
| Cartel de obra.....             | 110,00 € |

**3.B) EXPTE. 118/10 – D<sup>a</sup> CÁNDIDA ALONSO COSTAS** presenta estudo técnico para cambio de tella en Albariños, 171, Tirán, redactado pola arquitecta técnica arquitecto D.<sup>a</sup> Sofía Rúa Piñeiro, visado o 16.07.10. Superficie total da cuberta 111,30 m<sup>2</sup>; orzamento das obras: 5.726,84 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xullo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)**

**INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se colocará a tella sobre planchas asfálticas onduladas así como a conservación exterior da edificación con pintado de voos e colocación de canalón e baixantes de aluminio. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                 |          |
|---------------------------------|----------|
| Imposto s/construción .....     | 160,35 € |
| Taxas licenza urbanística ..... | 65,00 €  |
| Cartel de obra.....             | 110,00 € |

**3.C) EXPTE. 104/10 – D<sup>a</sup> HERMITAS CORRALES SANTOMÉ** presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar existente no barrio de Berducedo, 123, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 25.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xullo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)**

**INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se colocará panel tipo sandwich e lámina impermeable transpirable e tella así como a conservación exterior da edificación con pintado de fachadas. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                 |          |
|---------------------------------|----------|
| Imposto s/construción .....     | 271,85 € |
| Taxas licenza urbanística ..... | 65,00 €  |
| Cartel de obra.....             | 110,00 € |

**3.D) EXPTE. 237/09 – D<sup>a</sup> MARÍA PILAR PENA PIÑEIRO E D. ÓSCAR LUIS GALLEGO MARTÍNEZ** presentan proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar sita no Outeiro, O Cruceiro, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o 11 de decembro de 2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xullo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BASICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ( O. MAIOR )

**INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Cumpre coas Normas do hábitat de Galicia. Decreto 262/2007.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 4 de febreiro de 2010 para Ordenanzas 2 das NN. SS municipais de planeamento.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo.

Cédense 72,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe de 720,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela de acordo coa medición técnica ascende a 1207,00 metros cadrados

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                 |            |
|---------------------------------|------------|
| Imposto s/construción .....     | 2.582,17 € |
| Taxas licenza urbanística ..... | 322,77 €   |
| Cartel de obra.....             | 110,00 €   |
| Taxas conexión sumidoiros.....  | 180,00 €   |

#### **4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D.<sup>a</sup> MARÍA NELA MARRERO GONZÁLEZ e D. DAVID OTERO CORRALES no que solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar

na Paradela, de acordo coa licenza do expte. nº 91/2008, (concedida pola XGL en sesión de data 04.08.2008).

Considerando que a dito escrito engádeselle a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe da asistencia técnica municipal de data 27 de xullo de 2010 que di:

**ASUNTO:** Solicitud de licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar

**INFORME:** **Procede informar favorablemente a solicitud de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitud obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, o día 31 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 7 de xuño de 2010; asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez o día 31 de maio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 9 de xuño de 2010.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar en Paradela, dimanante da licenza en Expte. nº 91/2008, aos seus promotores D.<sup>a</sup> María Nela Marrero González e D.David Otero Corrales.

#### **5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coa execución pola entidade mercantil DONBLAN, S.L. das obras de ampliación de vivenda unifamiliar no lugar da Borna, p.k. 125.600 da estrada PO 551, IU2/55/2010

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de xullo de 2010, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA: 01/2010.

DONBLAN, S.L.

Arturo Garrido García, aprellador municipal deste Concello, a requirimento do Sr. Alcalde, en relación co **expediente de reposición da legalidade urbanística IU2/55/2010 incoado pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística** da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, ante a solicitude de informe con rexistro de saída 004162 de 08.07.2010 teño a ben informar soabre as cuestións que a meu entender considero máis relevantes as cales nos consten administrativamente.

Atendendo o disposto no artigo 32º.2.e da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a calificación vixente do solo que soporta a edificación resulta ser de solo rústico de protección de costas por atoparse a unha distancia inferior aos 200 metros do límite interior da ribeira do mar, cuestión que queda refrendada polo mesmo artigo da Lei 2/2010.

Obras sen licenza.Tendo constancia polas determinacións do proxecto sin visar para unha pretendida legalización das obras sen licenza e dunha solicitude para unha ampliación adicional, que aos efectos de trámite polo Artigo 41 este Concello decide non iniciar en tanto a resolución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para este expediente de reposición da legalidade non sexa firme, procede reseñar que a edificación, en función da súa descomposición en plantas o alcance das obras executadas a maiores non amparadas en licenza son as seguintes:

- P. Soto: 356,20 M/2.
- P. Baixa en superficie pechada: 12,71 M/2.
- P. Baixa en superficie aberta en terrazas: 211,35 M/2.
- P. Alta en superficie pechada: 39,97 M/2
- P. Alta en superficie aberta en terrazas: 18,67 M/2
- P. Baixocuberta a totalidade da superficie pechada: 100,62 M/2.
- P. Baixocuberta a totalidade da superficie aberta en terrazas: 4,25 M/2.

Informe que debe prestarse de conformidade co disposto no artigo 58.3 do Regulamento de disciplina urbanística, aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparellador municipal e **remitilo á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA – CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.**

## **6.- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS**

D.<sup>a</sup> María Romina Costa Martínez e D. Adolfo Casás Cordeiro, con domicilio en Riveira, 287 – Latón, Meira, ceden gratuíta e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 96,85 m2 dun terreo da súa propiedade para a ampliación do vial que dá fronte á parcela do seu domicilio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 96,85 m2 do terreo propiedade de D.<sup>a</sup> María Romina Costa Martínez e D. Adolfo Casás Cordeiro, en Riveira, 287, Latón-Meira para ampliación de vía pública, e recoñécelles a superficie cedida para os efectos de edificabilidade.

## 7.- CORRECCIÓN DE ERRO EN TITULAR DE LICENZA DE OBRA MENOR

Visto o informe do departamento de Urbanismo, de data 27 de xullo de 2010, que di

No departamento de Urbanismo detectouse un erro no expediente de concesión da licenza de obra nº 45/09.

Esta licenza está a nome de Luis Santomé Couso, co DNI 35.269.889 X, (porque este ero o nome da memoria da obra obxecto do expediente) e existen no mesmo expediente documentos a nome de Luis Santomé Couso e outros a nome de Luis Santomé Collazo, cando se trata da mesma persoa.

Como se debe corrixir este erro (debe figurar a licenza a nome de Luis Santomé Collazo e non Luis Santomé Couso) remítese o expediente de novo á Xunta de Goberno Local para emendar o acordo de concesión de licenza deste órgano do 20.07.2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se corrixa o erro detectado nos termos recollidos no informe do departamento de Urbanismo, e así o titular da licenza de obra menor 45/09 concedida por acordo do 20.07.09 sexa D. Luis Santomé Collazo, e non D. Luis Santomé Couso.

## 8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran,

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

| DEPARTAMENTO | CONCEPTO                                   | PROVEDOR                   | PARTIDA            | IMPORTE  |
|--------------|--|----------------------------|--------------------|----------|
| SERVIZOS     | Roupa de traballo para persoal de servizos | PEYCAR<br>PONTEVEDRA, S.L. | 1550-22104 RC 1156 | 263,14 € |

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 9.- GASTOS A XUSTIFICAR

**9.A)** A Alcaldía, por resolución do 1 de xullo de 2010, aprobou o pago a xustificar a D. Daniel Rodas Chapela por importe de 54,90 euros, en concepto de pago a xustificar pola revisión da tanqueta de incendios, matrícula 1325 BVH, con cargo á partida 1340 22 501.

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 9 de xullo de 2010,.

Visto o informe favorable do interventor do 22 de xullo de 2010 sobre a liquidación do pago a xustificar concedido por resolución da Alcaldía do 1 de xullo de 2010 a don Daniel Rodas Chapela,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeira:** Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. DANIEL RODAS CHAPELA por importe de 54,90 euros, en concepto de pago a xustificar pola revisión da tanqueta de incendios, matrícula 1325 BVH, con cargo a partida 1340 22501.

**Segundo:** Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

**9.B)** A Alcaldía, por resolución do 31 de maio de 2010, aprobou o pago a xustificar a D<sup>a</sup>. Beatriz Riobó Rouco por importe de 16,50 euros, en concepto de pago a xustificar polo pago de taxas para a tramitación da reapertura da instalación da piscina do complexo deportivo do Beque perante a Consellería de Sanidade, con cargo á partida 3420 22 501.

Vista a conta xustificativa achegada pola habilitada de data 3 de xuño de 2010,.

Visto o informe favorable do interventor do 19 de xullo de 2010 sobre a liquidación do pago a xustificar concedido por resolución da Alcaldía do 31 de maio de 2010 a dona Beatriz Riobó Rouco,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeira:** Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D<sup>a</sup> BEATRIZ RIOBÓ ROUCO por importe de 16,50 euros, en concepto de pago a xustificar polo pago de taxas para a tramitación da reapertura da instalación da piscina do complexo deportivo do Beque perante a Consellería de Sanidade, con cargo a partida 3420 22501.

**Segundo:** Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

#### **10.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA”**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 2 da obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA presentada pola empresa PLYGEPE, S.L, asinada polo director de obra D. Javier Rial Lemos de data 30 de xuño de 2010. Así mesmo, dáse conta da factura 10.074, do 30 de xuño de 2010, por importe de 39.557,39 euros, de dita empresa.

Visto o informe do interventor municipal do 20 de xullo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento da obriga derivado da aprobación da certificación nº 2 pola falta de informe sobre subcontratación e servizos prestados

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido polo interventor municipal e solicitar que se incorpore ao expediente informe do Director de Obras sobre a subcontratación.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 2, de data 30 de xuño de 2010, por importe de 39.557,39 € da obra *Acondicionamento de local para Escola de Música, Moaña.*

**Terceiro:** Aprobar a factura de PLYGEPE, S.L. nº 10.074, de data 30/06/10, por un importe de 39.557,39 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3250.63200 requirindo a emisión de factura complementaria ata cubrir o 18% de IVE.

#### **11.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 da obra Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña) presentada pola empresa PLYGEPE, S.L, asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo

Moldes, de data 1 de xullo de 2010. Así mesmo, dáse conta da factura 10.081, da mesma data, por importe de 18.067,12 euros, de dita empresa.

Visto o informe do interventor municipal do 21 de xullo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento da obriga derivado da aprobación da certificación nº 1 pola falta de informe sobre subcontratación e servizos prestados, falta de incorporación ao contrato da oferta e copia dos pregos, falta de fiscalización da fase de compromiso de gasto, falta de documentación aportada polo adxudicatario provisorio previa á adxudicación definitiva, retraso nesta, e falta de incorporación de documentación reseñada en previo informe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido polo interventor municipal no que se refire a circunstancias ou omisións que resultan insubsanables nesta fase de tramitación do expediente, por entender suficientemente acreditada a situación de desempregados dos traballadores contratados, e solicitar que se incorpore ao expediente informe do Director de Obras sobre a subcontratación.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1, de data 1 de xullo de 2010, por importe de 18.067,12 € da obra *Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña).*”

**Terceiro:** Aprobar a factura de PLYGEPE, S.L. nº 10.081, de data 01/07/10, por un importe de 18.067,12 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3210.63203 e requirindo a emisión de factura complementaria ata cubrir o 18% de IVE.

## **12.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE TIRÁN”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 e única, nº de rexistro de entrada 5.342 de 29 de xuño de 2010, da obra “Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Tirán”, presentada pola empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes. Así mesmo, dáse conta da factura nº 42, do 29 de xuño de 2010, por importe de 50.000,00 euros.

Visto o informe do interventor municipal do 21 de xullo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1 e única, nº de rexistro de entrada 5.342 de 29 de xuño de 2010 por importe de 50.000,00 € da obra *“Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Tirán”*,

**Segundo:** Aprobar a factura de RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL nº 42, de data 29/06/10, por un importe de 50.000,00 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1650.61101.

### **13.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “OBRAS DE REFORMA INTERIOR NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE TIRÁN, QUINTELA E O REAL (MOAÑA)”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1, rexistro de entrada de 26 de xullo de 2010, da obra “Obras de reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)”, presentada pola empresa ESCAYOLAS DO MORRAZO S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes. Así mesmo, dáse conta da factura nº 2010/OFI/302, do 05 de xullo de 2010, por importe de 28.661,44 euros.

Visto o informe do interventor municipal do 26 de xullo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1 e única, de data por importe de 28.661,41 € da obra “*Obras de reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)*”.

**Segundo:** Aprobar a factura de empresa ESCAYOLAS DO MORRAZO S.L. nº 2010/OFI/302, de data 05/07/10, por un importe de 28.661,44 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3210.63202.

### **14.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “REFORMADO CONSTRUCCIÓN PISTAS DE ATLETISMO DE A XUNQUEIRA”**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 da obra “Reformado construción pistas de atletismo de A Xunqueira” presentada pola empresa U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. e ANTALSIS S.L., asinada polo director de obra D. José Luís Domínguez González, de data 15 de xullo de 2010. Así mesmo, dáse conta da factura nº 001, da mesma data, por importe de 195.164,87 euros, de dita empresa.

Visto o informe do interventor municipal do 23 de xullo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento da obriga derivado da aprobación da certificación nº 1 pola falta de informe sobre subcontratación e servizos prestados, falta de incorporación ao contrato da oferta e copia dos pregos, falta de fiscalización da fase de compromiso de gasto, falta de documentación aportada polo adxudicatario provisorio previa á adxudicación definitiva, retraso nesta, e falta de incorporación de documentación reseñada en previo informe, falta de programa de traballo e falta de concurrencia de circunstancias habilitadoras de modificado contractual.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido polo interventor municipal no que se refire a circunstancias ou omisións que resultan insubsanables nesta fase de tramitación do expediente, por entender suficientemente acreditada a situación de desempregados dos traballadores contratados, entender que as circunstancias que obran no expediente xustifican a aprobación do modificado, e solicitar que se incorpore ao expediente informe do Director de Obras sobre a subcontratación.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1, de 15 de xullo de 2010, por importe de 195.164,87 € da obra “*Reformado construción pistas de atletismo de A Xunqueira*”.

**Terceiro:** Aprobar a factura de U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. e ANTALSIS S.L. nº 001, de data 15/07/10, por un importe de 195.164,87 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3420.62200.

## **15.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO (MOAÑA)”**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 da obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” presentada pola empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS S.L., asinada polo director de obra D. José Luís Domínguez González, de data 30 de xuño de 2010. Así mesmo, dáse conta da factura nº 111, da mesma data, por importe de 11.254,85 euros, de dita empresa.

Visto o informe do interventor municipal do 23 de xullo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento da obriga derivado da aprobación da certificación nº 1 pola falta de informe sobre subcontratación e servizos prestados, falta de incorporación ao contrato da oferta e copia dos pregos, falta de fiscalización da fase de compromiso de gasto, falta de documentación aportada polo adxudicatario provisorio previa á adxudicación definitiva, retraso nesta, e falta de incorporación de documentación reseñada en previo informe, falta de programa de traballo e falta de acta de comprobación do replanteo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido polo interventor municipal no que se refire a circunstancias ou omisións que resultan insubsanables nesta fase de tramitación do expediente, por entender suficientemente acreditada a situación de desempregados dos traballadores contratados, e solicitar que se incorpore ao expediente a acta de comprobación do replanteo e informe do Director de Obras sobre a subcontratación.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1, de 30 de xuño de 2010, por importe de 11.254,85 € da obra “*Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)*”.

**Terceiro:** Aprobar a factura de CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS S.L., nº 111, de data 30/06/10, por un importe de 11.254,85 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3420. 63201.

#### **16.- RECLAMACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL**

D<sup>a</sup> María Jesús Ardado Fernández, avogada, en representación de D.<sup>a</sup> Andrea Pérez López formula mediante escrito con entrada no rexistro o día 20 de xullo de 2010, reclamación contra a administración pública por responsabilidade patrimonial. Indica que o día 25.02.10 o vehículo da Sra. Pérez estaba estacionado nas inmediacións do pavillón de deportes de Moaña, cando un contedor de lixo, polo vento e por non ter sistema ningún de freo, desprazouse e colisionou contra o vehículo. Cita a unha testemuña e achega informe pericial dos danos que cuantifica en 541,99 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda remitirle a reclamación á Mancomunidade por ser esta a Administración competente en canto aos contedores do lixo.

#### **17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

|                            | Servizo                   | Lugar             | Taxas aboadas  | Informe favorable           |
|----------------------------|---------------------------|-------------------|--|-----------------------------|
| OTILIA JUNCAL<br>PASTORIZA | Saneamento, uso doméstico | Reibón, 110 Meira | Presenta factura de Espina & Delfin por importe de 48.400 pesetas por acometida ao saneamento. | Aparellador mun. Aqualia    |
| PEDRO CURRA<br>FERNÁNDEZ   | Saneamento, uso doméstico | Fanequeira, 87    | D. saneamento..... 180 €   | Aqualia<br>Aparellador mun. |
| MELANIA PENA<br>SEQUEIROS  | Auga, uso doméstico       | Barxas, 11 – 3º A | D. conexión..... 60 €<br>Fianza..... 20 €  | Aparellador mun.<br>Aqualia |

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 12:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.